

## **ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E DE HONRA CELEBRADA O DÍA 30/04/2022 (<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE  
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS  
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
-DONA PAOLA MARÍA MÓCHALES  
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
-DONA SONIA OUTÓN CASAL  
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA  
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA  
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO  
-DONA MATILDE LAYA LORENZO  
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN  
-DONA YOLANDA BOVEDA DÍAZ  
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO  
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA  
- D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO  
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ  
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA  
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA  
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 11:00 do día 30/04/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria e de Honra convocada ó efecto. A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Entrega da Medalla da Cidade, na categoría de Medalla de Ouro, ao Club de Fútbol Arosa SC.

### **1.- ENTREGA DA MEDALLA DA CIDADE, NA CATEGORÍA DE MEDALLA DE OURO, AO CLUB DE FÚTBOL AROSA SC.**

Dáse conta do acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da resolución da Alcaldía de iniciación de expediente para a concesión de medalla da cidade na categoría de Medalla de Ouro ao Clube Arosa SC e nomeamento de xuíz instructor ao Concelleiro Delegado de Educación e Deportes D. Argimiro Serén Mera.

Dáse conta da proposta do Xuíz Instructor, do seguinte teor:

**PROPOSTA DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA CIDADE Á ENTIDADE “AROUSA, SOCIEDADE CULTURAL”**

Vilagarcía de Arousa, 18 de novembro de 2021

O Regulamento de Protocolo e Cerimonial do Concello de Vilagarcía de Arousa, no seu Título Segundo, artigo terceiro, establece a posibilidade de outorgar a Medalla de Ouro da Cidade .para premiar ou recoñecer méritos extraordinarios que concorran en persoas ou entidades, tanto internacionais, nacionais, autonómicas como locais, por prestar servizos ou dispensado honras ou beneficios culturais ou sociais á cidade.

Á vista da traxectoria do Arousa Sociedade Cultural, parecen máis que evidentes os méritos desta entidade para ver recoñecida a súa labor despois de teren cumpridos 75 anos prestando servizos e dispensando honras e beneficios sociais á cidade. A causa da pandemia, nin o club nin a cidade puidemos celebrar esta efeméride como se merece, pero agora que o peor parece que xa ten pasado, é o momento de facer público recoñecemento do club, coincidindo, ademais, cunha nova xesta: o ascenso á Segunda División da Real Federación Española de Fútbol.

Como é ben coñecido, o Arousa SC naceu en 1945. Aquela primeira directiva que presidiu Manuel Porto con Celso Callón como vicepresidente, Ramón Lapido como secretario e Amando

Quintela como tesoureiro, tivo por diante un reto: crear un equipo de fútbol representativo da cidade e, ao tempo, honrar a longa tradición deportiva de Vilagarcía, que comezara con aquelas demostracións dos mariños ingleses e, por influencia destes, cos primeiros equipos, uns federados e outros non, que xurdiran nos primeiros anos do século XX.

Sen nin sequera disputar o seu primeiro partido, aquela primeira directiva xa logrou o primeiro dos moitos éxitos que verían despois: o aluguer dun predio na Lomba ata entón dedicado ao cultivo do millo, propiedade de Desamparados Barrio. Ese foi a orixe do actual estadio, de propiedade municipal. En boa parte derivada daquela decisión naceu tamén a urbanización da contorna, primeiro coa construción das casas para funcionarios e despois coa levantamento dos colexios públicos. Todo arredor dunha avenida, a de Matosinhos, cuxo nome ratificou o irmandamento entre esta cidade e Vilagarcía. Un irmandamento que, é preciso subliñar, tivo tamén a súa orixe no fútbol, polas relacións entre o Arousa e o Leixoes.

Ao longo destes 75 anos, o Arousa tivo tempo de converterse no club de referencia en Galicia da Terceira División, ao ser o equipo que máis anos ten militado nela, aínda que por sete tempadas participara na Segunda División B e unha máis, a de 1949-50, só tres anos despois da súa fundación, na Segunda División. Nese tempo, polo equipo principal do Arousa pasaron máis de 800 xogadores e algo máis de 60 adestradores. Moitos foron vilagarcíans, pero moitos máis viñeron de fóra para terminar converténdose en embaixadores da nosa cidade e outros, nuns vilagarcíans máis, establecendo aquí os seus negocios e mesmo creando as súas familias.

Neses tres cuartos de século, pola directiva pasaron preto de 25 presidentes e máis de 300 directivos. É dicir, vilagarcíans que, ademais de atender aos seus traballos e ás súas familias, sempre atoparon tempo para dedicarse ao seu club e á súa cidade, algo non sempre agradecido. Porque ser directivo é algo máis que desfrutar dun partido cada domingo: tamén é buscar patrocinadores, fomentar o deporte entre os miles de rapaces que durante todos estes anos formaron parte da súa canteira, encargarse da lavandería, levar a administración da sociedade e ata, moitas veces, facer de taxista.

Daquela semente de finais do século XIX e principios do XX naceu o Arousa SC. E da semente deste, xunto coa que porían despois o Liceo Marítimo e o Club de Mar, por citar dous exemplos ben significativos, nacería o que é hoxe o deporte vilagarcían, no que, afortunadamente, hai dúcias de clubs das máis diversas disciplinas e miles de veciños e veciñas practicando o seu deporte preferido, pero tamén referentes do deporte nacional e incluso internacional, e tamén torneos que expanden o nome da cidade por España, por Europa e polo mundo.

En consecuencia, á vista do Regulamento de Protocolo e Cerimonial do Concello de Vilagarcía de Arousa e tendo en conta todos os méritos adquiridos polo Arousa Sociedade Cultural dende 1945, consideramos que está máis que xustificada a concesión da Medalla de Ouro da Cidade á esta entidade, o que así propoñemos ao pleno da Corporación.

Argimiro Serén Mera

Concelleiro delegado de Educación e Deportes

Instrutor do expediente por delegación da Alcaldía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da concesión da Medalla de Ouro da Cidade ao Club Arosa SC.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21)

**ACÓRDASE:** Outorgar a Medalla da Cidade na categoría de Medalla de Ouro ao Club Arosa SC.

A seguir intervén o Sr. Alcalde dicindo:

Sr. Presidente do Arosa, Sociedade Cultural; directivos, ex directivos, ex alcaldes, compañeiros de Corporación, arosistas todos:

“Los deportes de ‘foot-ball’ y sus derivados, tal y como aquí se practican, no son populares, y creemos que no podrán serlo por carecer de tradición. Son una importación extranjera admitida por las clases aristocrática y media, que no conocen nuestro deportismo tradicional, tan variado, tan higiénico y tan bello por añadidura.

“A su práctica se ha unido, además, un elemento que le perjudica enormemente, y es el de la lucha de partido y apuesta, que frecuentemente hace degenerar a este juego en motivo de colisión, a veces sangrienta.

“Contra el ‘foot-ball’, además, se han pronunciado recientemente muchos pedagogos ingleses, por considerarlo excesivamente violento y propicio a la dureza y a la brutalidad”.

Isto era o que, placidamente sentado a unha das mesas do Café de Poyán, podía ler no Galicia Nueva un vilagarcían calquera, hai xusto cen anos...

Sen embargo, dáme a min que nin o xornalista andaba moi atinado, nin os pedagogos ingleses tiveron o mellor día. Daquela xa había moitos anos que os vilagarcíans quedaran engaiolados con aquel xogo que, para escándalo da poboación, practicaban os fillos da Gran Bretaña ¡en calzóns! cando desembarcaban no noso porto. Dende aquela, moitos vilagarcíans se animaran a facer “teams” ao xeito inglés, cuxos “equipers” –ou sexa, os xogadores- pertencían, na súa meirande parte, a coñecidas familias da cidade.

Dende entón, “referee” –o árbitro-, “corner”, “match”, “off side” –aquí reconvertido en ‘jórsei’- e tantas outras palabras de inequívoco sabor british, pasaron a formar parte do noso acervo lingüístico e cultural. Definitivamente, a semente estaba botada, por moito que os pedagogos dixeran que por ese camiño non íamos ben, e por moito que nos xornais houbera queixas continuas porque nas rúas se celebraban “matches” nos que os rapaces lle daban patadas a uns trapos enrolados en forma de pelota, sen ningún miramento para as persoas de ben que disfrutaban do seu benquerido paseo de moda.

Daquela, hai 100 anos, o principal equipo da cidade era o Villagarcía Sporting Club, sucesor, entre outros, do Alfonso XIII co que José María Abalo Souza iniciara, en 1901, a andaina futbolística do noso concello. Un vilagarcían, Abalo –Jose María, non Manolo-, formado en Inglaterra, que, ademais de crear o primeiro equipo en Vilagarcía, tamén tivo tempo, na Coruña, de poñer as bases do que sería o futuro Real Club Deportivo.

Despois dalgúns anos de asentamento, con clubs de afeccionados organizados ata por barrios, e pasada unha Guerra Civil, chegamos ao verán de 1945. Por entón, Hitler acababa de suicidarse (alá el coa súa conciencia)... Estados Unidos lanzaba as súas bombas atómicas en Hiroshima e Nagasaki... En España, Franco ditaba o Foro dos Españóis, no que recoñecía -con aquela chispa que tanto lle caracterizaba- que a soberanía nacional residía no pobo... E en Vilagarcía, o Tribunal Supremo acababa de ordenar a devolución a Vilanova das parroquias da Illa, Andrés e Baión, que dez anos antes se uniran ao noso concello... Polo demais, todo ben.

O caso é que, neste apetecible contexto, os Porto, Callón, Gallego, Quintela, Lapidó e aquel fantástico grupo de vilagarcíans que tanto disfrutaban do foot-ball, pensaron: ¡esta é a nosa, todo vai como un tiro!... e decidiron fundar o Arosa, Sociedade Cultural.

A partir dese momento, o club converteuse nun referente deportivo, pero tamén social da cidade. Hoxe, o deporte en Vilagarcía non se pode entender sen todo o que aportaron durante décadas sociedades como o Arosa, o Liceo Marítimo ou o Club de Mar. Dos tres, na actualidade –e dende o punto de vista estritamente deportivo- só sobrevive un: o Arosa. Algo farían ben: xa cumpriu 75 anos... ¡e os que lle quedan!

Dende entón, non houbo un so alcalde, dende Gil Siqueiros, no ano 45 do século XX, ata quen vos fala, no ano 22 do século XXI, que non tivera a súa lideira coa Lomba, ben pola herba, ben pola rega, ben polo que fóra... Xiabre e Lobeira, testemuñas de excepción... E téñase en conta que, en 75 anos, en Vilagarcía houbo unha ducia de alcaldes e unha alcaldesa, pero máis de 25 presidentes do club –de Manolo Porto a Manolo Abalo-, e arredor de trescentos directivos... Só os que tivemos a honra de ocupar este posto sabemos o que iso significa...

Pero o que si son innegables son os méritos que ao longo de 75 anos vén acumulando o Arosa, o noso Arosa. Detrás do club, das horas e horas dedicadas con altruísmo por directivos, adestradores, delegados, masaxistas e tantos e tantos colaboradores, estivo a irmandade con Matosinhos, a formación de centos e centos de rapaces e rapazas, a realización de torneos

internacionais, o levar o nome de Vilagarcía e de Arousa por España adiante... Pero estivo tamén detrás da atracción de talento: moita xente que, unha vez aquí, respondendo á chamada do club, se sentiu como un máis da casa, ata establecer aquí os seus negocios, a súa familia... en definitiva, a súa vida.

Ao longo destes anos -sabémolo todos- o Arosa participou en Segunda División, en Segunda B e, sobre todo, na Terceira, na que é o club decano da categoría. En todo ese tempo, houbo momentos moi felices e outros non tanto, como o que agora mesmo estamos a vivir: coa ledicia de volver á Segunda División, coa incerteza de si conseguiremos mantermos... Pero é que o deporte, como a vida -e máis en Galicia-, é así: ás veces subimos, ás veces baixamos, ás veces mantémonos. Depende

Os rusos, que ultimamente andan -digamos- un pouco alborotados, teñen un proverbio que, penso, vén moi ao caso: "Caer está permitido. Levantarse é obrigatorio". Os galegos, menos poéticos pero quizais máis pragmáticos, diríamos que "nunca choveu que non escampara".

Por iso, sirva esta medalla de ouro, a máxima distinción da nosa cidade, como recoñecemento a todo o que o Arosa e os arosistas levades feito por esta cidade, que é moito... pero tamén como estímulo para todo o que vos queda por facer, que é moito máis... Empezando por mañá.

Estou seguro de que o Arosa aínda ten moitas alegrías que darnos. E aí estaremos nós, con vós, para brindar polo club, por Vilagarcía, e ata -se se poñen ao rego- polos pedagogos ingleses. Moitas grazas.

A continuación intervén o Presidente do Club de Fútbol Arosa SC.

Finalmente procédese á sinatura por parte do Presidente do Club no Libro de Ouro da Cidade.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.